

TEMA 2 O RELEVO

RECURSOS: <https://sites.google.com/site/geohistoriaenlaces/geografia-fisica>

DEFINICIÓNS

CONTINENTE: é unha grande extensión de terra que presenta alguna diferenza salientable respecto das veciñas.

OCÉANO: unha grande extensión de [auga salgada](#),

RELEVO: refírese ao conxunto das diferentes formas que adopta a superficie da [Terra](#)

MONTAÑA: é un [accidente xeográfico](#), que podemos definir como unha [elevación](#) sobre [terreo](#) lindeiro, formada normalmente a partir da [erosión](#)

CHAIRA: é unha planicie extensa situada ao nivel do mar e sempre por baixo dos 500 metros

MESETA: é unha planicie extensa situada a unha determinada [altura](#) sobre o nivel do [mar](#),

VAL: é un accidente xeográfico que forma unha depresión lonxitudinal, cercada polo tanto por áreas mais altas, como [montañas](#) ou [outeiros](#).

RÍO: é un [accidente xeográfico](#) consistente nun [curso natural](#) e permanente de [auga doce](#), que flúe por un [leito](#) e que desemboca no [mar](#), nun [lago](#), noutro río, ou incluso no [deserto](#)

CAUCE: É a parte do fondo dun val por donde discurren as [aguas](#) dun río polo seu [curso](#)

CAUDAL: o volume de auga que pasa por determinado elemento na unidade de tempo en determinado sistema ou elemento. Exprésase m³/s

LAGO: é unha extensión considerable de [auga](#) doce, salobre ou salgada, que se encontra separada do [mar](#).

ACUÍFERO: es aquel estrato permeable que permite a circulación e o almacenamento da auga subterránea polos seus poros o grietas.

DELTA: ó territorio triangular formado na desembocadura dun [río](#), mediante a acumulación de sedimentos

ESTEIRO: é un [accidente xeográfico](#) formado na parte final dun [río](#) e que se encontra en contacto directo co [mar](#)

2.1. O RELEVO

A pouco que nos deteñamos a mirar ao noso redor observamos que a superficie da Terra (codia) adopta diversas formas. Estas formas terrestres conforman o **relevo**.

A parte visible da superficie do noso planeta son os **continentes**. Trátase de grandes extensións de terra firme separadas polos océanos.


De maior a menor extensión os continentes son: Asia, América, África, Antártida, Europa e Oceanía. Pola súa banda, os océanos son: Pacífico, Atlántico, Índico, Glaciar Ártico e Glaciar Antártico.



A superficie dos continentes non é lisa nin uniforme, senón que son un exemplo das distintas formas do relevo. Este pode ser continental, costeiro ou oceánico.

A) O RELEVO CONTINENTAL (actividade interactiva en edixgal)

Son todas as formas e accidentes que modifican a superficie da terra emerxida, os chamados continentes, e son moi variadas: Montañas, Cordilleiras, Macizos, Depresións ou concas, Mesetas ou altiplanos, Chairas e Vales




B) O RELEVO COSTEIRO (actividade interactiva en edixgal)

É o relevo terrestre que se atopa nas costas. Un lugar de contacto entre a terra emerxida e a submarina na que podemos diferenciar: Illas, penínsulas, cabos, golfos e rías



C) O RELEVO OCEÁNICO(actividade interactiva en edixgal)

É a parte da Terra que se atopa no fondo dos océanos: Plataforma continental, chaira abisal, noiro ou támara continental, fosa mariña e dorsal oceánica.




2.2. COMPOSICIÓN DA TERRA.

Na estrutura da Terra distinguimos tres niveis: corteza terrestre, manto e núcleo:

Cordia: É a capa superior donde se sitúan todos os elementos do relevo. Distinguimos a cordia continental e oceánica. Ten unha profundidade comprendida entre 5 e 40 kms e está composta por granito e basalto.

Manto: É a capa máis grossa con 2500kms. Distinguimos a manto superior con aspecto sólido e o manto inferior con aspecto magmático.

Núcleo: É a capa central da Terra formada por níquel e ferro. O núcleo externo aparece en estado líquido polas altas temperaturas e o núcleo interno aparece en estado sólido polas altas presións.



VÍDEOS DA ESTRUCTURA INTERNA DA TERRA:


Vídeo 1: http://www.youtube.com/watch?feature=player_detailpage&v=tKor4BHLM8k

Vídeo 2: http://www.youtube.com/watch?feature=player_detailpage&v=tKor4BHLM8k

2.3. AS PLACAS TECTÓNICAS.

Hai 225 millóns de anos todas as terras emerxidas estaban unidas formando un supercontinente chamado Pangea, rodeado por un grande océano chamado Pantalasa. Co paso do tempo fóronse separando ata situarse no lugar que ocupan na actualidade. Así unha placa tectónica é unha porción de litosfera limitada que ten o seu orixe na división do Pangea.

O movemento dos continentes prodúcese polo movemento das placas tectónicas. Estes movementos teñen a súa orixe no cambio de temperatura que experimenta o magma: cando se quenta ascende e cando se arrefría, solidifícase e descende, formando un movemento circular.



Placas tectónicas da Terra (FONTE: www.kalipedia.es)

VÍDEO DA TECTÓNICA DE PLACAS:

http://www.youtube.com/watch?feature=player_detailpage&v=8YC1qzPHC1M

O choque das placas tectónicas pode provocar terremotos, a erupción de volcáns e a formación de montañas.

Pero, como podemos saber que as placas se moven?

Principalmente por estas razóns.

- Podemos observar como algúns continentes encaixan entre si.
- Encontráronse fósiles dos mesmo organismos en continentes tan afastados hoxe en día como África, Australia ou a Antártida.
- Os xeólogos detectaron que os lugares onde se sitúan os volcáns son as liñas de separación destas plataformas.

Estas razóns anteriores levaron en 1912 ao alemán Alfred Wegener en 1912. **eadesenvolver a teoría da “Tectónica de Placas e Deriva Continental”**, que propoñía que os continentes se desprazaban sobre o manto da Terra. Idea corrixida posteriormente, foi aceptada pola comunidade científica.

2.4. OCÉANOS E CONTINENTES.

Os océanos son as masas de auga salgada que cobren a codia terrestre e ocupan o 70% aprox. da superficie da Terra.

Os continentes son as zonas da codia terrestre que están por riba do nivel do mar e que representan o 30% da superficie da Terra.

<http://www.andaluciainvestiga.com/espanol/cienciaAnimada/sites/lasMareas/oceanos.html>

2. 5. FORMACIÓN E UNIDADES DO RELEVO.

A superficie da Terra ten forma irregular e accidentada. A todo este conxunto de formas que encontramos na superficie terrestre (cordilleiras, chairas, perfís costeiros) e que lle dan ese aspecto irregular denominámolo relevo.

O relevo terrestre continúa cambiando hoxe en día por dúas razóns:

- Pola acción de **axentes internos** como os pregamentos, as fallas, os terremotos e os volcáns.
- E polos **axentes externos** como a auga, o vento, a vexetación e a acción dos seres humanos.

AXENTES INTERNOS

Son as que se producen no interior da Terra, onde o magma provoca que as placas tectónicas se movan lentamente provocando a formación dun relevo pregado ou fallado:

Fenómenos que forman e modifican o relevo


- Terremotos

Están provocados polo choque de placas, que xeran unha vibración ou tremor en todas direccións en forma de ondas sísmicas.

Onde se orixina o terremoto chámase **hipocentro**

O lugar da codia máis próximo ao hipocentro, denomínase **epicentro**.

Cando o epicentro se encontra e o fondo del mar pódense producir grandes ondas, que nalgunhas ocasións alcanzan grande altura e se chaman **tsunamis**.




- Volcáns

Son aberturas na superficie terrestre a través das cales se expulsa materia incandescente, gases e cinzas procedentes do magma do interior da Terra.

Alguns exemplos de relevos de orixe volcánica son o monte **Kilimanjaro** en África, ou as **Illas Canarias** en España.

En función da súa actividade os volcáns poden encontrarse en tres estados:

- **Activos** manifestan actividade volcánica
- **En repouso** sen actividade, pero con posibilidade de espertarse
- **Extinguídos** xa non poden volver ter actividade volcánica



Tipo de relevo que provocan os axentes internos


Relevo pregado

O relevo pregado son ondulacións da superficie terrestre orixinadas pola forza compresiva dos movementos tectónicos sobre rochas brandas.



Relevo fallado

O relevo fallado ou fallas son fracturas da superficie terrestre orixinadas pola forza compresiva dos movementos tectónicos sobre rochas duras.



B) AXENTES EXTERNOS.

VIDEO : EL MODELADO TERRESTRE

http://www.youtube.com/watch?feature=player_embedded&v=ovCHfPSGKZO

Son as que se producen sobre a codia terrestre e acaban de dar forma ao relevo e principalmente son as seguintes:

1.-A AUGA. É o principal axente modelador do relevo, desgasta a súa superficie de xeito diferente segundo a forma en que entra en contacto con ela. Pode ser en forma de:

- Chuvia arrancando e transportando pequenos fragmentos de rocha e vexetación ao caer.
- Ríos, onde segundo o curso deste a erosión varía. No curso alto con grande pendente pode provocar fondos e estreitos desfiladeiros, e no curso baixo adoita dar lugar a amplos vales ou terrazas fluviais, deltas e meandros.
- O mar (ondas e correntes mariñas) actúan sobre o litoral desgastando (abrasión) as rozas saíntes creando golfos, cabos ou praias.
- Augas subterráneas dan lugar a paisaxes moi peculiares en forma de covas, galerías subterráneas, estalactitas e estalagmitas.
- Xeo en forma de glaciares desgasta o terreo dando lugar a superficies lisas e sen vexetación.

2.-O VENTO. A través das partículas que transporta en suspensión arrancadas das rochas, desgasta o terreo. O vento constante forma estruturas como as dunas e outras formacións do relevo.

3.-VEXETACIÓN. Exerce un papel fundamental na formación do relevo debido á achega de materia orgánica. Por unha parte protexe da erosión, por outra, as raíces das plantas e árbores poden partir rochas ou evitar desprendementos nas abas das montañas.

4.-O SER HUMANO. A súa acción sobre o relevo intensificouse cada vez máis debido ao progreso técnico, provocando un cambio radical no medio natural: talla de bosques, incendios, cidades, autoestradas, canteiras e minas, etc.

